

A historia da Terra en 184 metros


Esta aplicación recolle unha exposición realizada polos alumnos de Bioloxía e Xeoloxía 4º ESO do IES Eduardo Pondal de Ponteceso. Presentámosvos unha liña temporal que recolle os principais acontecementos coñecidos na historia do noso planeta. Son 4.600 millóns de anos recollidos no instituto na máxima distancia que podemos percorrer, os 184 metros (25 millóns de anos por metro) que separan aos [autores da exposición](#), da entrada do centro.



Na [liña temporal](#) situamos os acontecementos xeolóxicos no lado azul e os biolóxicos na verde. Podemos mover lateralmente as barras cos acontecementos e a barra temporal para facer coincidir a etapa xeolóxica co acontecemento representado.

Hai varias cuestións sobre as que queremos chamar a vosa atención:

- A pesar de que fixemos todo o posible por ampliar a escala da exposición, é interesante observar como resulta difícil sinalar na liña temporal o momento no que o ser humano, *Homo sapiens*, xorde como nova especie no planeta. Levamos como máximo [500.000 anos na Terra](#), como cada metro de exposición son 25 millóns de anos, os humanos teriamos que ocupar os últimos 2 centímetros.




- A maior parte da liña temporal aparece baleira. A medida que imos para atrás no tempo cada vez temos menos información do que lle sucedía ao planeta nese momento. Sabemos bastante dos últimos 10.000 anos pero moito menos do que sucedía no eón Hádico hai 3.900 millóns de anos.



- Para facilitar o estudo da historia da Terra os xeólogos dividen o tempo en eóns, catro grandes períodos separados por importantes acontecementos:

- Eón Hádico. A máis antiga das etapas. Comeza na orixe da Terra e da Lúa hai uns 4.600 millóns de anos e remata xunto ao Gran Bombardeo Terminal hai 3.800 millóns de anos.



- Eón Arcaico. 3.800 ata 2.500 millóns de anos. O primeiro gran episodio de contaminación



atmosférica provocada polos seres vivos vai dar unha gran oportunidade á vida, osíxeno liberado polas bacterias empeza a acumularse na atmosfera.



- Eón Proterozoico. 2.500 ata hai 542 millóns de anos. O máis longo dos eóns.

O osíxeno pasa a ser un compoñente fixo na atmosfera permitindo a formación do ozono. Grazas a este cambio a vida desenvolve dúas grandes modificacións: as primeiras células eucariotas e a aparición dos primeiros organismos pluricelulares.

- Eón Fanerozoico. 542 millóns de anos ata o presente. Comeza coa gran explosión de vida do Cámbrico. Os seres vivos pasan a ser cada vez máis visibles.

